

PERSOAL

MLP/egp

Refº: 11drconvotTecnicoXardinInfancia.doc

Asunto: Convocatoria interinidades Tecnico Xardin Infancia

DECRETO NÚMERO 1206/2011 DO LIBRO DE RESOLUCIÓNS EN MATERIA DE PERSOAL Ó SERVIZO DA CORPORACIÓN DICTADAS POLO EXCMO. SR. ALCALDE.

**Excmo. Sr. DON JOSÉ CLEMENTE LÓPEZ OROZCO, Alcalde-Presidente do Excmo. Concello de Lugo.
Lugo, vinte e nove de novembro de dous mil once.**

Con data 24 de xullo de 2008, publicáronse no BOP de Lugo as bases que rexerán a cobertura interina de prazas de funcionario do Concello de Lugo nos supostos previstos no artigo 10 do Estatuto Básico do Empregado Público. Na base 3 das mesmas establécese o seguinte : “No suposto de que non houbera aspirantes que superasen o primeiro exercicio do proceso selectivo correspondente tal e como figura no punto 1, ou categorías non convocadas para as que fora preciso confeccionar listas de interinidades, ou se o número de integrantes das listas resultante do proceso selectivo non fora suficiente, utilizarase o sistema de concurso oposición...”

É así que, dado que o número de integrantes da lista resultante dos últimos procesos selectivos convocados polo Concello de Lugo para a provisión como funcionario/a de carreira e para a cobertura interina de prazas de técnico/a en xardín de infancia non é suficiente, é preciso convocar un novo proceso selectivo que se rexirá polas Bases publicadas no BOP de 24 de xullo de 2008, e completadas coas bases que a continuación se propoñen.

Esta Alcaldía, en virtude das atribucións conferidas á Alcaldía polos artigos 124 e 127 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, así como do acordo nº 2/444 da Xunta de Goberno Local, do 27 de xuño do 2011, en relación cos Decretos nºs. 60/2011 e 70/2011 do Libro de Resolucións da Alcaldía: Actas e Goberno e Normalización Lingüística, do 23 de xuño e 18 de xullo, respectivamente, **RESOLVE:**

Primeiro.- Convoca-lo proceso selectivo para a cobertura interina nos supostos previstos no artigo 10 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, de prazas de Técnico/a en Xardín de Infancia, de acordo coas seguintes bases:

1. Réxime retributivo:

As retribucións serán as correspondentes a un grupo C subgrupo C1 dacordo co cadro de persoal e co presuposto vixente do Concello de Lugo.

2. Requisitos dos aspirantes:

PERSOAL

MLP/egp

Refº: 11drconvotTecnicoXardinInfancia.doc

Asunto: Convocatoria interinidades Tecnico Xardin Infancia

Para ser admitido á presente convocatoria, os aspirantes deberán reunir, na data na que finalice o prazo de presentación de instancias, os seguintes requisitos:

- a) Ser español ou nacional dos demais Estados membros da Unión Europea. Así mesmo, poderán participar no proceso selectivo os estranxeiros que reúnen a condición de cónxuxes de españois ou de nacionais doutros Estados membros da Unión Europea, sempre que non estean separados de dereito, e os seus descendentes e os do seu cónxuxe menores de 21 anos ou maiores que vivan ás súas expensas. As mesmas regras aplicaranse, no seu caso, ás persoas incluídas no ámbito de aplicación dos Tratados Internacionais celebrados pola Comunidade Europea e ratificados por España, nos que sexa de aplicación a libre circulación de traballadores.
- b) Estar en posesión do título de técnico en educación infantil ou equivalente (técnico especialista en educación infantil ou xardín de infancia) ou superior (mestre especialista en educación infantil ou equivalente, técnico superior en educación infantil)
- c) Ter cumpridos dezaseis anos e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa.
- d) Non terse separado mediante expediente disciplinario do servizo de calqueira das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ó corpo ou escala de funcionario, ou para exercer funcións similares ás que desenvolvan no caso de persoal laboral, no que fora separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional doutro Estado, non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ó emprego público.
- e) Non padecer enfermidade ou defecto físico que impida ou menoscabe o normal exercicio da función.

3.- Relación de servizo:

Procederase ó nomeamento como funcionario/a interino/a

4.-Duración da relación de servizo:

A duración de servizo é mentras perduren as circunstancias de urxencia que determinan o nomeamento interino, e non se incorpore á praza o funcionario de carreira, sexa declarada a praza vacante ou amortizada, así como a renuncia do funcionario, a perda da nacionalidade, a xubilación, a sanción disciplinaria de separación do servizo que tivera carácter firme ou a pena principal ou accesoria

PERSOAL

MLP/egp

Refº: 11drconvotTecnicoXardinInfancia.doc

Asunto: Convocatoria interinidades Tecnico Xardin Infancia

de inhabilitación absoluta ou especial para cargo público que tivera carácter firme.

5.-Sistema de selección:

Dacordo coa Base 3 das que rexerán a cobertura interina de prazas de funcionarios do Concello de Lugo nos supostos previstos no artigo 10 do Estatuto Básico do Empregado Público o sistema selectivo será o de concurso oposición.

A) Fase de oposición: consistirá na realización dunha proba sobre algunha das materias que figuran no Anexo I das presentes bases, e que será de carácter eliminatorio. A fase de oposición puntuará de 0 a 10 puntos, e non superará ésta quen non acade unha puntuación ó menos de 5 puntos.

B) Fase de concurso:

Non terá carácter eliminatorio nin poderá terse en conta para supera-las probas da fase de oposición. O baremo de méritos fíxase do seguinte xeito: máximo: 6 puntos.

a) Experiencia profesional: Por cada mes completo de servizos prestados en administracións públicas na categoría de técnico en xardín de infancia, 0,15 puntos ata un máximo de 4 puntos.

Os servizos deberán acreditarse coa presentación de certificación de empresa e contrato de traballo ou nomeamento no seu caso.

b) Formación:

Por cursos de formación, expedidos ou homologados por organismos oficiais, directamente relacionados coas funcións propias da praza convocada, nos que se expediran diploma, certificación de asistencia ou, se é o caso, de aproveitamento ata un máximo de 2 puntos de conformidade cos seguintes criterios:

- Ata 14 horas de duración 0,10 puntos.
- De 15 a 24 horas de duración 0,20 puntos
- De 25 a 39 horas de duración 0,40 puntos
- De 40 a 59 horas de duración 0,60 puntos
- De 60 a 79 horas de duración 0,80 puntos
- De 80 a 100 horas de duración 1 punto
- De 101 ou mais horas de duración 1,15 puntos

6.-Prazo de presentación de instancias e documentos que hai que presentar:

Os interesados en participar neste proceso deberán presentar unha instancia no Rexistro Xeral do Concello, acompañado da seguinte documentación:

PERSOAL

MLP/egp

Ref#: 11drconvotTecnicoXardinInfancia.doc

Asunto: Convocatoria interinidades Tecnico Xardin Infancia

- Fotocopia compulsada do DNI.
- Fotocopia compulsada da titulación esixida.
- Fotocopia compulsada dos méritos que se posúan e que poidan ser valorados de acordo co establecido no apartado B para a fase de concurso.

O prazo de presentación de instancias será de dez días naturais contados dende o día seguinte á publicación destas Bases no BOP de Lugo. Os sucesivos anuncios en relación a este proceso serán publicados no Taboleiro de Anuncios do Concello de Lugo.

Unha vez rematado o prazo de presentación de instancias, unicamente poderán corrixir os requisitos indispensables para participar no proceso selectivo, pero non os que voluntariamente achegue o/a aspirante, e que queira presentar para ser tidos en conta na fase de concurso. A presentación da documentación acreditativa dos méritos que se aleguen para a fase de concurso, deberá facerse dentro do prazo de presentación de instancias, sen que sexa admisible a súa presentación dentro do prazo de enmendadas.

ANEXO I: Temario de materias para a fase de oposición

- 1.- Historia e visión actual da infancia dende as ciencias humanas. Os dereitos da infancia.
- 2.- O proceso de ensino-aprendizaxe. Principios que favorecen o proceso de desenvolvemento infantil. O papel que desempeña o educador/coidador infantil.
- 3.- Hixiene. Adquisición de hábitos de limpeza e hixiene. Busca de autonomía nos máis pequenos. O descanso e ritmos de sono.
- 4.- A saúde na infancia. Cuidados e desenvolvemento dos primeiros anos de vida. Enfermidades e accidentes infantís. Prevención e primeiros auxilios.
- 5.- A alimentación e nutrición de 0 a 3 anos. Trastornos relacionados coa alimentación nesta etapa.
- 6.- A psicoloxía evolutiva na educación infantil.
- 7.- O desenvolvemento cognitivo e motor de 0 a 3 anos.
- 8.- Comunicación, expresión e linguaxe na educación infantil.
- 9.- O desenvolvemento afectivo, emocional e social nos primeiros anos de vida.
- 10.- A entrada do neno no centro de educación infantil. A adaptación. O papel dos adultos.
- 11.- A organización do espazo, tempo e materiais como recursos didácticos.
- 12.- O xogo e a súa metodoloxía na etapa de 0 a 3 anos. A literatura infantil.
- 13.- Temas transversais na educación infantil: igualdade, medio ambiente, relacións pacíficas, educación viaria e saúde.
- 14.- Atención á diversidade. A importancia da atención temperá. A escola infantil como medio compensador de desigualdades sociais. O menor con risco social.

PERSOAL

MLP/egp

Ref#: 11drconvotTecnicoXardinInfancia.doc

Asunto: Convocatoria interinidades Tecnico Xardin Infancia

15.- O proxecto educativo de centro. Funcións e elementos que o forman. A lei orgánica de educación -loe-. Normativa en vigor relacionada con educación infantil.

SEGUNDO.- Procédase a súa publicación na forma legalmente establecida.

Esta resolución pon fin á vía administrativa e contra ela caberá interpoñer recurso contencioso-administrativo, no prazo de DOUS MESES, contados a partir do día seguinte ó da súa notificación, ante o Xulgado do Contencioso Administrativo de Lugo ou, á elección do interesado, ante o da circunscrición onde teña o seu domicilio. Malia o anterior, e con carácter previo e potestativo, poderá interpoñer recurso de reposición, no prazo de UN MES, contado dende o seguinte á notificación da presente resolución, sen prexuízo de que vostede interpoña calquer outro recurso que estime procedente en Dereito.

Cúmprase.